



bailador






ÍNDICE

MEMORIA DE DIRECCIÓN	5
FICHA DE PRODUCCIÓN	8
INTERESE CULTURAL E ARTÍSTICO, E RELEVANCIA DO PROXECTO	10
ESTRATEGIAS DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN	11
REPERCUSIÓN NA CREACIÓN E FOMENTO DE PÚBLICOS	13
CACHÉS.....	14
HISTORIAL DO CORPO ARTÍSTICO	16
NECESIDADES TÉCNICAS	31



MEMORIA DE DIRECCIÓN





BAILADOR é unha peza de danza galega contemporánea baseada nas músicas de Berrogüetto. Trátase dunha obra coreográfica que rinde unha profunda homenaxe a unha música que non naceu para ser bailada, onde a danza de raíz galega mistúrase con outras linguaxes do movemento para darlle un sentido corporal á música dun grupo que transformou o xeito de facer e de entender o son da nosa terra.

BAILADOR reivindica o papel fundamental da muller galega como preservadora e transmisora da nosa sabedoría popular; se o noso baile chegou ata os nosos días foi grazas a elas, mulleres eclipsadas da nosa historia que en moitos casos non se atrevían a “levar o baile” por mor de verse rexeitadas nos seus círculos máis próximos.

BAILADOR é unha mostra de respecto, cariño e admiración a todas esas mulleres que, de xeración en xeración, foron quen de perpetuar no tempo as formas danzadas que configuran o noso baile facendo gala, en moitos casos, de habilidades únicas.

BAILADOR é un espectáculo de mulleres feito por mulleres. É a nosa danza dende o prisma do feminino. Un conto sen historia onde a música e a danza explícanse a sí mesmas, onde están representadas entre outras, a señora Balbina, de Carcacía, a señora Rosa, de Acevedo, a señora Matilde, de Limiñoa, ou a señora Concepción, de Santa Comba.

BAILADOR é un divertimento apto para todos os públicos, unha contradicción en sí mesma que da conta de que “nos somos porque elas están, e non a o revés”.

O noso baile ten as raíces afundidas na terra, na mesma terra onde as bailadoras roturamos as leiras do silencio.

Nos primeiros instantes do espazo tempo, os elementos da danza iniciaron unha caótica viaxe, unha fuga in crescendo onde, sen orde nin concerto, amoreáronse nos corpos dunha orquestra en proceso de afinación que xenera unha extraña sonoridade sen melodía, sen harmonía, sen compás.

So despois de moitos erros, todos eses elementos puideron ligarse adecuadamente, os movementos xogaban coas intensidades e as pausas facían o mesmo coas expresividades, e todos eles se relacionaban cunha música que non naceu para ser bailada.

Por fortuna existen corpos abertos que atrapan todas esas sensacións, corpos abertos en latexares que son a nosa propia voz feita danza, que nos fan soñar e que nos convirten tamén a nos en eternidade.

BAILADOR é unha xeometría sensorial da visión insólita, asolagada pola perplexidade do como se ve e soleada pola certidume do que se ve, é a terra cos pes na terra. É a subversión contra o acomodaticio, é o traballo honesto e sincero na procura da beleza agochada no trasluz da constancia. É un “perpetuum mobile” que vive cuestionándose a si mesmo, sempre inquedo, que invita á observación, á contemplación, á reflexión, a facerse preguntas, cada un á súa maneira.





FICHA DE PRODUCCIÓN

PRODUCCIÓN Oscar Cobos Compañía de Danza

DIRECCIÓN Óscar Cobos

DIRECCIÓN ARTÍSTICA Jaime Pablo Diaz

AXUDANTE DE DIRECCIÓN Iván Villar

COREOGRAFÍA Oscar Cobos, Jaime Pablo Diaz e Iván Villar

COMPOSICIÓN MUSICAL Berrogüetto

BAILADORAS Ruth Perez, Nerea Fouz, Rebeca Tallón, Cristina Canosa, Marta Mosquera, Nuria Gesteira, Uxía Portela, Eva Diago e Lorena Toimil

VESTIARIO E ESCENOGRAFÍA Carolina Díguele

DESEÑO DE ILUMINACIÓN Daniel Pais

SON Francisco Alvarellos

FOTOGRAFÍA MateStudio



INTERESE CULTURAL E ARTÍSTICO, E RELEVANCIA DO PROXECTO

ÓSCAR COBOS COMPAÑÍA DE DANZA quere profundizar, a través de Bailador na loita por unha equidade e igualdade efectiva entre os xéneros no noso baile. Dentro do eido do noso folklоре, a frase “O baile o fai o home” é un mantra falso repetido ata a saciedade dende hai moito, cando a realidade é que foron e son as mulleres quenes maioritariamente preservaron e transmitiron as nosas formas danzadas ata hoxe en día.

BAILADOR é un espectáculo que busca achegar e chamar a atención das nosas formas danzadas máis tradicionais entendidas dende a contemporaneidade dos nosos días, das nosas formas cantadas e da dureza dos oficios que se mostran na escea.

En BAILADOR participan nove bailadoras cunha ampla traxectoria en diferentes agrupacións e asociacións folklóricas e culturais de Galicia, que conta coa música de Berrogüetto, un grupo que non precisa presentación e que transformou o xeito de facer e entender a música en Galicia, que conta, entre moitas outras distincións co Premio da Asociación da Crítica Alemá do Disco en 1997, co Premio Eisenner Eversteiner en 1998 a o mellor grupo de folk europeo, co Premio LUAR en 1999 a o mellor álbum folk do ano, co Premio AGAPI pola banda sonora de “La Rosa de Piedra” de Manuel Palacios no ano 1999, co Premio Opinión 2001 a o mellor disco folk con “Hepta”. Foi ademais finalista dos Grammy Latinos no ano 2002 como mellor disco folk e finalmente Premio da Crítica Galicia á Música en 2014 en recoñecemento á toda a súa carreira. A súa música ilustra dende o sonoro as diferentes esceas de movemento coas que conta o espectáculo.

Finalmente, ÓSCAR COBOS COMPAÑÍA DE DANZA trata con Bailador de espertar o interese pola danza nun público que tradicionalmente ten máis complicado o acceso a este tipo de espectáculos.

BAILADOR é unha peza de representación de rúa, susceptible de transformarse nunha obra máis complexa para a súa posterior adaptación a o circuito teatral nacional e internacional.

ESTRATEGIAS DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

***Elaboración dunha MEMORIA DE PRENSA con toda a información necesaria respecto do espectáculo e o calendario de representacións.**

***Creación dun GABINETE DE PRENSA en permanente comunicación cos medios para mantelos informados:**

- Natureza do proxecto, equipo técnico e patrocinadores**
- Ensaio con invitacións a medios**
- Preestrea**
- Distribución de pezas audiovisuais a medios especializados e RRSS**

***MATERIAL GRÁFICO:**

- Cartelería e adaptacións RRSS**
- Programa de man**
- Visual Merchandasing**

***CONTIDO ONLINE:**

- Website do espectáculo**
- RRSS:**

***INSTAGRAM: Imaxes e fragmentos de pezas audiovisuais dos ensaios**

***FACEBOOK: Contidos informativos respecto á natureza da obra e promoción das actuacións e eventos relacionados con Bailador-A**

***YOUTUBE: Pezas audiovisuais de ensaios, entrevistas e actuacións**

***PUBLICITY: desenvolvida coas institucións e empresas colaboradoras do proxecto.**





REPERCUSIÓN NA CREACIÓN E FOMENTO DE PÚBLICOS

BAILADOR ten como obxectivo unha proxección máis extensiva que intensiva. Oscar Cobos Compañía de Danza pretende representar un espectáculo atemporal, interxeneracional e apto para todos os públicos, adaptando a colectivos que vivan próximos a os espazos onde se vaia representar, o que achegará un valor engadido ao simbolismo da propia obra, que públicos pouco habituais na escena da danza experimenten unha forma de expresión natural ao ser humano, vencellada aos espazos que habitan, o que pode despertar novos intereses aproximacións á danza en espazos convencionais.

BAILADOR aspira a converterse nun espectáculo capaz de xerar interese pola danza e pola cultura galega. Busca provocar ao espectador con algo novo e suxestivo. Trátase dunha sorte de performance case a modo de representación popular, onde a compañía adaptase á diversidade de espazos, contornas e públicos cos que vai a interactuar.



HISTORIAL DO CORPO ARTÍSTICO



ÓSCAR COBOS

DIRECCIÓN E PRODUCCIÓN

Bailador, mestre, director, coreógrafo, produtor e investigador compostelán, comeza a súa andaina no eido do baile popular tradicional galego na A.F. Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela no ano 1988.

En 1999 trasládase a Estados Unidos onde dirixe as escolas de baile dos centros galegos da Area Triestatal (Nueva York, Nueva Jersey e Connecticut). No ano 2005, de volta en Compostela funda GS21, unha compañía de danza galega que renova os conceptos do baile popular galego dende unha mirada contemporánea.

No ano 2011 trasládase a vivir a Buenos Aires onde se forma como intérprete e mestre de Tango-Danza na Universidade Nacional das Artes, de onde se licencia no ano 2017. Alí sigue en contacto co baile galego formando parte da Fundación de Cultura Galega Xeito Novo e impartindo clases de baile na Federación de Asociaciones Gallegas de la República Argentina.

Volta a Compostela no ano 2018 onde crea o seu novo proxecto: a OCDANZA, unha compañía profesional de danza que traballa o baile galego dende múltiples miradas, sendo á vez respectuoso cunha herdanza adquirida e transgresor na súa posta en escea.

ESPECTÁCULOS PROFESIONAIS

ISOLMA (2005), UNO (2011), SANTA BUENOS AIRES (2015), INSIDE TANGO (2018), BAILADOR (2022)

TITULACIÓN

Diplomado como Intérprete de Tango pola Universidade Nacional das Artes (Buenos Aires-Arxentina)

Licenciado en Folklore coa especialidade en Tango pola Universidade Nacional das Artes (Buenos Aires-Arxentina)

FORMACIÓN

Bailador titular da A.F. Cantigas e Agarimos dende 1988 ata 1999

Tap Americano no Broadway Dance Center de Nueva York entre 2001 e 2004

Tango-Danza e Zapateo Folklórico Argentino pola Universidade Nacional das Artes en Buenos Aires entre 2012 e 2017

COLABORACIÓNS

Con Susana Seivane no Lincoln Center de Nueva York no ano 2001 e no 2014 en Buenos Aires con motivo do Día de Galicia en Arxentina

Con Xosé Manuel Budiño no 2012 na súa xira por Arxentina

Con Tanxugueiras no Especial Badaladas da TVG en decembro do 2021



JAIME PABLO DÍAZ

DIRECTOR ARTÍSTICO

Formado en danza en la Royal Academy of Dancing, na Escola de Danza e Música de Galicia e no Conservatorio Profesional de Danza de Madrid.

Como intérprete formou parte do Etnográfico das Mariñas e no Ballet Galego Rey de Viana. Tamén dirixiu a Escola Municipal de Danza “Xuncos e Mulleres da Fin da Terra” onde gañou varios premios en festivais de Danza Tradicional.

Outros galardóns otorgados a este creador e bailarín foron o Segundo Premio do I Certame de Creación Coreográfica de Galicia, e o Cuarto Premio no I Maraton de Danza de Madrid.

ESPECTÁCULOS PROFESIONAIS

Bailarín no Ballet Gallego Rey de Viana (1984 ao 2000)

ALENTA Nova Galega de Danza

ENGADO Nova Galega de Danza

TRADICCIÓN Nova Galega de Danza

DEZ Nova Galega de Danza

SER E TERRA Nova Galega de Danza

LEIRA Nova Galega de Danza

CURSILLOS

Royal Academy of Dancing

Escola de Danza e Música de Galicia-Deputación

Curso Peter Stamm

Composición Coreográfica Alexis Fernandez

Armando Martén e Kirenia Martínez

PREMIOS

Premio Maraton de Danza-José Manuel Garrido

Premio do I Certamen de Creación Coreográfica de Galicia

Premio da Crítica

Premio do Público na 33 e na 36 edicións da MIT nos anos 2017 e 2020

Premios Opinión da Música Folk, mellor álbum no 2006 por “Alento”

IX Premios Opinión, Segundo Premio por Tradicción



IVÁN VILLAR

AXUDANTE DE DIRECCIÓN

En 1996 entrou a formar parte do Ballet Galego Rey de Viana no que permaneceu ata o 2006. Traballou co Centro Coreográfico Galego en Vacuo, con unha coreografía de Maruxa Salas.

En 2008 crea e dirixe para a Compañía Entrecaixas. Coreografiou Miniaturas conseguindo o Premio José Manuel Garrido no Maratón de Danza de Madrid.

En 2010 coreografiou o espectáculo Danza e Contradanza para a Compañía CONTRA2, con Nelson Quinteiro e, no 2011 estreou o espectáculo infantil Papiroflexias. Incorporouse á Compañía Nova Galega de Danza en 2009. Dende entón participou nos espectáculos Tradición, Dez, Ser e Terra, Son e Leira.

TITULACIÓN

Título de Ensinanzas Profesionais da Danza na Especialidade de Danza Contemporánea
Carreira de Baile Flamenco.

CURSILLOS

Taller Escola Danza-José

Composición Coreográfica con Alexis Fernández

PREMIOS

Premio Maratón de Danza-José Manuel Garrido

Premio do Público na 33 e na 36 edicións do MIT nos anos 2017 e 2020

Premio MAX a o Mellor Intérprete Masculino no ano 2021



ESPECTÁCULOS PROFESIONAIS

DANZA E CONTRADANZA

PAPIROFLEXIAS

GHARBO

BRANCAS. Itinerario Escénico Urbano

FEBREIRO, SETE MANTAS E UN SOMBREIRO

V Gala Femme Fatale

NOVECENTO CABARET

APALPADORIÑOS

TRADICCIÓN Nova Galega de Danza

DEZ Nova Galega de Danza

SER E TERRA Nova Galega de Danza

SON Nova Galega de Danza

LEIRA Nova Galega de Danza

CAROLINA DÍGUELE

VESTIARIO E ESCENOGRAFÍA

Licenciada en Belas Artes na especialidade de pintura pola Facultad de BBAA de Pontevedra. Logo de traballar 7 anos no estudio de Purriños Fotógrafos en Vilalba, abriu no 2013 o seu propio taller de creación artesá, Coralín Colorado en As Pontes, onde reside actualmente.

Achégase ó mundo das artes escénicas tras inscribirse no ano 2014, na escola de baile moderno dirixida por Jaime Pablo Díaz, director tamén da Compañía Nova Galega de Danza. Alí comeza a súa colaboración no deseño de vestuario e montaxe de escenografías para o espectáculo anual de baile que realiza a escola e a principios do 2020, elabora xunto a Isabel O'Connor, a escenografía de Leira, último traballo da compañía.

Dende o 2015 participa e colabora co grupo de teatro amateur O Catre, nas labores de arte e deseño gráfico. Confeccionou vestuario para a compañía profesional Trinke Trinke. Impartiu varios cursos de estética para un proxecto audiovisual coa productora audiovisual R3 e fixo varios muráis e instalacións artísticas no proxecto de arte urbán As Pontes EnPezas, xunto a Isabel O'Connor.

Colabora co Elefante Elegante dende 2017 nos espectáculos Rueiro das Liortas, Danza da Choiva, Tropical, Patapatum, Dreaming Juliet, Cubo e Alma de Tigre, encargándose nestes tres últimos da produción de arte e do deseño gráfico.

Paralelamente imparte clases de técnicas textiles e creación artística nun centro para adultos con capacidades especiais en As Pontes.





RUTH PÉREZ RODRÍGUEZ

BAILADORA

Bailadora e Mestra de Baile Tradicional Galego vencellada ás escolas da A.C Cantigas e Frores dende o ano 2003 e dende o ano 2014 á TradEscola como Mestra en Técnica Vocal.

ESPECTÁCULOS PROFESIONAIS

LATEXO Proxecto Danza no ano 2011

O PODER DO ARCABUZ Quique Peón & Cía no ano 2015

COLABORACIÓNS

Pepe Vaamonde Grupo. Colaboración como bailadora no ano 2012

Leña Verde. Colaboración como Bailadora no ano 2014

O Gaiteiro de San Xusto. Colaboración como Bailadora nos anos 2019 e 2020

Xabier Diaz e Adufeiras de Salitre. Colaboración como vocalista no ano 2019

Candorka Trio. Colaboración como vocalista no ano 2020

CURSILLOS

Curso de Cultura Tradicional organizado por A.C. Cantigas e Frores (2000 ao 2019)

Cursos de Danzas do Mundo en Cangas do Morrazo no ano 2013


Curso de Tango Arxentino

EXPERIENCIA DOCENTE

Mestra de Baile e Canto Tradicional Galego dende o 2009 en diferentes agrupacións da Provincia de Lugo

Mestra do Obradoiro de Baile Tradicional organizado polo Concello de Melide no ano 2018

Mestra do Obradoiro de Baile Tradicional organizado polo CFR de Ferrol, Consellería de Educación-Xunta de Galicia no ano 2019



NEREA FOUZ LÓPEZ

BAILADORA

Bailadora e multipremiada percusionista no ámbito do baile e a música tradicional galega. Vencellada a o ámbito da cultura popular tradicional galega dende a infancia, o facer cultura como modo de vida. Comeza a súa andaina artística no ano 1997 na A.C. Cantigas e Frores onde se forma como bailadora e percusionista, formación que se mantén na actualidade.

ESPECTÁCULOS PROFESIONAIS

ASÍ FAN OS BAILADORES 2005

LATEXO espectáculo de música e danza da Compañía Proxecto Danza 2011

COLABORACIÓNS

LEÑA VERDE colaboración como bailadora no ano 2014

O GAITEIRO DE SAN XUSTO colaboración como bailadora nos anos 2018 e 2019


OS MINHOTOS gravación do CD "Pinga d'auga", colaboración como percusionista 2013

TANGO EN XANEIRO Videoclip, colaboración como bailadora.

EXPERIENCIA DOCENTE

Mestra de baile e percusión tradicional en diferentes agrupacións e asociacións da provincia de Lugo dende o ano 2009, labor que se mantén na actualidade.

Mestra de Baile Tradicional Galego do programa de Escolas Abertas da Secretaría Xeral de Emigración-Xunta de Galicia no ano 2012



REBECA TALLÓN ARMADA

BAILADORA

Mestra de Baile Tradicional Galego e Danzas do Mundo. Comeza a súa vida artística en distintas asociacións de música e baile tradicional da provincia de Lugo: Val do Láncara, Pedrafitá, Val do Mao. Máis adiante continúa a súa formación en Santiago de Compostela, en asociacións como Cantigas e Agarimos, A Xuntanza ou Ulteira, onde perfecciona a súa formación como bailadora e percusionista.

CURSILLOS

Curso de Cultura Tradicional Galega organizados pola A.C. Cantigas e Frores entre os anos 2009 e 2015

A VOLTAS CO BAILE Seminarios organizados polo Museo do Pobo Galego en Compostela entre os anos 2012 e 2015

ANDANÇAS en Castelo de Vide entre os anos 2013 e 2016

Xornadas do Baile Tradicional Galego organizadas pola Asociación de Gaiteros Galegos (AGG) en Compostela entre os anos 2013 e 2015

A DANZA A DEBATE xornadas organizadas polo Consello da Cultura Galega en Compostela no ano 2014

Cursos de Baile organizados pola Central Folque nos anos 2016 e 2017

EXPERIENCIA ARTÍSTICA

Integrante do grupos XARÍN entre os anos 2007 e 2009, SALTA NO CRIBO entre os anos 2009 e 2012, e AIRIÑOS DA FREBA dende o 2014 ata hoxe en día.

EXPERIENCIA DOCENTE

Mestra de Baile Tradicional Galego en diferentes asociacións e agrupacións folklóricas da provincia de Lugo dende o ano 2013

Mestra de Baile, Canto e Percusión Tradicional Galega no Colexio Pío XII en Compostela entre os anos 2016 e 2017 e no Colexio Manuel Peleteiro dende o ano 2016

Mestra de Baile e Xogos Tradicionais Galegos no Festigal do ano 2015

Mestra de Baile Tradicional Galego no Encontro de Mestres e Educadores Waldorf en España e Portugal no ano 2015

Mestra de Baile Tradicional Galego do programa de Escolas Abertas da Secretaría Xeral de Emigración-Xunta de Galicia no ano 2012



NURIA GESTEIRA IGLESIAS

BAILADORA

Multipremiada bailadora, cantareira, percusionista, actriz, empresaria...Esta muller multidisciplinar comeza a súa andaina polo mundo das artes escénicas e musicais vencelladas á tradición popular galega, na A.C. Castromao de Mondariz no ano 1986. Mundo no cal sigue traballando pasando por multitude de asociacións e agrupacións folklóricas da Provincia de Pontevedra, como integrante primeiro e como mestra despois, das que cabe salientar O Fiadeiro de Vigo entre moitas outras. No ano 2009 funda o Grupo de Baile e Música tradicional TRASPÉS (Vigo), que dirixe ata o 2015 e no ano 2013 funda a A.C. SADEO en Pontearreas do cal dirixe na actualidade as seccións de baile e canto tradicional popular galego.

TITULACIÓN

Maxisterio e Educación Musical pola Universidade de Vigo (2004 a 2006)

Ciclo de Arte Dramático da Escola Municipal de Teatro de Vigo ente (2002 a 2004)

ESPECTÁCULOS PROFESIONAIS

ISOLMA da Compañía GS21, dirixido por Óscar Cobos no ano 2006

TREBÓN espectáculo musical dirixido por Serxio Cobos no ano 2004

ABEIDA baixo a dirección de Rodrigo Romaní no ano 2001

EL AMARGO POMELO espectáculo musical dirixido por Nacho Cano no ano 2005

NAUMAQUIA baixo a dirección de La Fura dels Baus e Carlos Nuñez no ano 2005

CURSILLOS

“Creación do personaxe” polo método William Layton

“De Meyerhold á construción natural do Actor's Studio”

“Iniciación a o Teatro”, La Fura dels Baus.

“Interpretación e Expresión Corporal” Mestra Alba Felpete Facal (NGD) 2006

“Técnica Vocal”, curso dirixido por Estela Valiente (vocalista de Cirque du Soleil) 2006

“Formación corporal e Danza” Susa Herrera Ruiz, Universidade de Vigo 2005

“Baile e Música Tradicional Galega” Salceda, por Xabier Diaz 2011 e por Chisco Feijoo 2012


“Danza Contemporanea” Compañía de Fran Sieira coa coreógrafa Carla Diego 2020.

COLABORACIÓNS

Como bailadora con Carlos Nuñez, ca Orquestra Son de Seu, con Xurxo Fernández, con Donicelas e Pelepau

Como cantareira colaborou con Nacho Cano, Rodrigo Romaní e Trebón.

Xurado no concurso “Vai de Baile” do programa Luar da televisión de Galicia 2019



MARTA MOSQUERA GALVÁN

BAILADORA

Bailadora de Baile Tradicional Galego, involucrada no baile e a música tradicional galega dende nena, formada en diferentes agrupacións e asociacións culturais do país, actualmente pertence a o Grupo de Baile e Música Tradicional Brincadeira de Santiago de Compostela, aprendendo, disfrutando e compartindo cultura.

FORMACIÓN ARTÍSTICA

Baile Tradicional, Grupo de Baile e Música Tradicional Brincadeira de Santiago de Compostela dende o ano 2013.

Participante nas II e as IV Xornadas de Baile Tradicional Galego impartido pola Asociación de Gaiteros Galegos (AGG) entre os anos 2015 e 2017

Bailadora, percusionista e vocalista da A.S.C Fogo Fatuo de Rianxo entre os anos 2006 e 2015

Bailadora, percusionista e vocalista da A.S.C Liceo Marítimo Rianxeiro entre os anos 1993 e 2006

ESPECTÁCULOS PROFESIONAIS

Coreógrafa da obra O TEMPO DO PÁXARO PINTO obra de teatro dirixida por Pancho Martínez no ano 2013

Cantareira na obra SEMPRE EN RIANXO: O SOÑO DO TABERNEIRO obra de teatro dirixida por Pancho Martínez no ano 2010

COLABORACIÓN

Xabier Diaz e Adufeiras de Salitre , videoclip O BAILE DE NORÓ, colaboración como bailadora no ano 2018

ENTRUIDO NO EXÉRCITO DOS PANOS DE ARCOS, colaboración como bailadora no ano 2017

ENTROIDANZAS-PESELÁN, colaboración como bailadora dende o ano 2015

CARAPUS, colaboración como bailadora no ano 2015

EXPERIENCIA DOCENTE

Mestra de Baile tradicional Galego en diversas asociacións culturais de Rianxo entre os anos 2009 e 2015



LORENA TOIMIL

BAILADORA

Bailadora do grupo AILOLA de Lalín entre os anos 1991 e 2006 e do Grupo de Música e Baile Tradicional “Brincadeira” entre os anos 2013 e 2017.

Bailarina de Danza Contemporánea no LABORATORIO DE MOVEMENTOS da man da mestra Branca Novoneyra entre os anos 2008 e 2011 e en DANZA ALFAIA da man de Marta Alonso entre os anos 2013 e 2015

CURSILLOS

Asistente ás master class de Baile Tradicional Galego impartidas polos mestres Quique Peón, Xisco Feijoo, Luis Prego, Francisco Sieira, Serxio Cobos, Xabier Iglesias, Olga Kirk e Carlos Xosé Vidal Chans.

CORPO E CONSCIENCIA Centro Gaira, coa Mestra Martha Franco (2008 a 2011)

DANZA EN ESPELLO Sesións guiadas pola Mestra Mita Bertel entre (2015 a 2017)

BIODANZA con Sara Rodríguez e Augusto Madalena dende o ano 2015

HATHA-VINYASA YOGA no Yoga Alliance International (2018 e 2019)

FORMACIÓN COMO INSTRUMENTISTA

Canto e Percusión (1992 a 2018) da man das mestras Olga Kirk e Felisa Segade

Gaita (1999 a 2005) no Conservatorio de Música Folk de Lalín con Edelmiro Fernández e en Cantigas e Agarimos de Santiago con Ramón Maril

Canto no Conservatorio de Música Folk de Lalín da man de Guadi Galego entre os anos 2012 e 2015

Percusión na Asociación Xuntanza da man de Arantxa Alfaia entre os anos 2012 e 2015

Acordeón Diatónico na Central Folque da man de Pedro Pascual entre os anos 2008 e 2012 e na actualidade con Sonsoles Penadique na A.C. Trepia de Pontevedra

EXPERIENCIA DOCENTE

Mestra de Baile Tradicional Galego na Gentilha do Pichel en Compostela entre os anos 2015 e 2017 e no Berguedá Folk en Cataluña no ano 2019

Mestra de Bas Folk na Gentilha do Pichel no ano 2019

Mestra de Danzas Europeas na Gentilha do Pichel no ano 2019

COLABORACIÓN

CATRINETE NOUNOUEDICIÓN EN FACHADA Improvisación músico-poética con Estevo Creus e Ariel Ninas en Compostela no ano 2015

A ÁRBORE QUE MIRAS Acción poética con Estevo e David Creus en Compostela no ano 2018

O LUGAR QUE NON HAI Festival Corpo a Terra no Café cultural Auriense no ano 2019



UXÍA PORTELA VELASCO

BAILADORA

Dez anos de formación non regrada en Danza Clásica entre os anos 1989 e 1999 na Escola Vaganova en Pontevedra baixo a dirección de Jean Françoise Seys.

ESPECTÁCULOS PROFESIONAIS

SETE ESPELLOS E UNHA CAIXA DE MÚSICA

Espectáculo de danza da Compañía Bruma, dirixido polo coreógrafo Serxio Cobos no ano 2009

ISOLMA

Espectáculo de danza da Compañía GS21, dirixido polo coreógrafo Oscar Cobos

FORMACIÓN

Masterclass co bailarín e coreógrafo Pedro de la Cruz no ano 1995

Baile Tradicional Galego como actividade extraescolar entre os anos 1991 e 1994

Baile Tradicional Galego, dous anos de formación específica co mestre Serxio Cobos nos anos 2006 e 2007

Cursos específicos de iniciación a o Tango-Danza, Danzas do Mundo e Danza Oriental coa bailarina Martha Franco nos anos 2003 e 2004

Cursos de Canto Tradicional Galego impartidos Davide Salvado nos anos 2005 e 2006



EVA DIAGO

BAILADORA

Bailadora no Grupo de Baile e Musica Tradicionais Brincadeira de Santiago de Compostela dende o ano 2015. Institución que participa en numerosos festivais como as Xornadas do Folklore Galego en Santiago de Compostela, o XVIII Festival de Cultura Tradicional Galega do San Froilán en Lugo no ano 2019, as II Xornadas Etnográficas do Morrazo no ano 2019 ou o Festival Intercéltico de Lorient no ano 2016.

FORMACIÓN ARTÍSTICA

Aulas regulares de Baile Tradicional Galego en Brincadeira con Montse Rivera, a Central folque con Serxio Cobos, A Xuntanza, con Felisa Segade e toxos e Froles. Monográficos de Baile Tradicional Galego con Quique Peón, Javier Feijoo, Olga Kirk, Pablo Diaz, Luis Prego, Carlos Xose Vidal Chans e Artur Puga.

Folk Europeo: Mazurcas, Scotish, Vales irregulares

Tango Arxentino con M.^a Ángeles Iglesias en Espazo Aberto (2016 a 2018)

Monográfico de Técnica para o rol conducido con Carolina Buenaventura en Buenos Aires no ano 2019.

COLABORACIÓNS

LEILÍA colaboración como bailadora no ano 2018

Banda Municipal de Música de Compostela, colaboración como bailadora no ano 2017


TANXUGUEIRAS colaboración como bailadora para o videoclip “Xota de Bembibre” no ano 2017

Festival Internacional de Danzas Populares ANDANÇAS en Castelo de Vide no ano 2017, colaboración como bailadora

O LUGAR QUE NON HAI colaboración como bailadora no Festival Corpo a Terra en Ourense no ano 2018

A ÁRBORE QUE MIRAS colaboración como bailadora na acción poética de Estevo Creus en Compostela no ano 2019

CATRINETA NOUNOU EDICIÓN EN FACHADA colaboración como bailadora da improviso músico-poética con Ariel Ninas en Compostela no ano 2015



CRISTINA CANOSA

BAILADORA

Bailadora de Baile Tradicional Galego, inicia a sua andaina neste eido na A.C. Terra de Sena de Cee no ano 2000 da man da mestra María Facorro. Actualmente forma parte do corpo de baile do Grupo de Música e Baile Tradicional Brincadeira de Santiago de Compostela.

CURSILLOS

Danza Tradicional Galega no Grupo de Baile da USC da man de Alejandro Martinez Miguez entre os anos 2016 e 2018

COLABORACIÓNS

2019 Festival da Luz colaboración como bailadora co grupo A.C Os Liantes

2014 Oscar Ibañez Tribo, colaboración como bailadora

Foliadas no Ensanche, colaboración como organizadora con A.C. Raigame

PARTICIPACIÓN

Semifinalista nos anos 2017 e 2018 do concurso VAI DE BAILE organizado polo programa de televisión de Galicia LUAR

EXPERIENCIA DOCENTE

Mestra de Baile Tradicional Galego na Academia Lodanzas en Santiago de Compostela dende o ano 2017

Mestra de Baile, Canto e Percusión Tradicional Galego no Furancho Deportivo de Vimianzo

Mestra de Baile Tradicional Galego en aulas extraescolares en diferentes escolas infantís de Santiago de Compostela



NECESIDADES TÉCNICAS



O. C. Danza

Xenérico
05/2022

ILUMINACIÓN

- 36 Canles de dimmer
- Sinal DMX en varas 3 e 5
- 3 porta gobos
- 7 Soportes de chan (peanas)
- 8 Torre de rúa (burras)

SON

- EQUIPO DE P.A. AXUSTADO Á SALA
- 2 MONITORES. UN A CADA LADO DE ESCENA

MAQUINARIA

- Cámara negra á italiana
- Espazo escénico necesario 9m X 9m
- Linóleo Negro

